C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C8	Identificar, interpretar, planificar e xestionar os recursos económico-financeiros das Administracións Públicas
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Que o alumnado sexa capaz de aplicar os coñecementos ao seu traballo e que posúa as competencias derivadas da elaboración e defensa de argumentos, e da resolución de problemas	A2
Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	A3
Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	A4
Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo	B1
Razonar criticamente	B5
Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía	C5
Identificar, interpretar, planificar e xestionar os recursos económico-financeiros das Administracións Públicas	C8
Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira	D2

<b>Contidos</b>	
Tema	
Xestión tributaria e procedementos de aplicación dos tributos (I)	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Declaración, autoliquidación e comunicación de datos.</li> <li>2. A Liquidación.</li> <li>3. Notificación de actos tributarios</li> <li>4. Procedementos de comprobación tributaria: verificación de datos, comprobación limitada e comprobación de valores.</li> <li>5. O procedemento de recadación.</li> </ol>
Xestión tributaria e procedementos de aplicación dos tributos (II)	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Procedementos de comprobación tributaria.</li> <li>2. verificación de datos</li> <li>3. Comprobación limitada</li> <li>4. Comprobación de valores.</li> </ol>
Xestión tributaria e procedementos de aplicación dos tributos (III)	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A Inspección tributaria: funcións, potestades e facultades.</li> <li>2. Lugar e tempo das actuacións inspectoras.</li> <li>3. Inicio do procedemento de inspección.</li> <li>4. Documentación das actuacións inspectoras.</li> </ol>
Xestión tributaria e procedementos de aplicación dos tributos (IV)	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recadación en periodo voluntario e periodo executivo.</li> <li>2. Formas e medios de pago.</li> <li>3. Plazos de pago.</li> <li>4. Aplazamento e fraccionamento.</li> </ol>
Dereito sancionador tributario	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Delimitación das infraccións dos recargos do periodo executivo e por presentación extemporánea.</li> <li>2. Infraccións tributarias.</li> <li>3. Sancións tributarias</li> <li>4. Procedemento por delito fiscal.</li> </ol>
Revisión dos actos da administración tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Procedementos especiais de revisión e procedementos de revisión mediante recurso.</li> <li>2. Recurso de reposición</li> <li>3. Reclamación económico-administrativa.</li> <li>4. Os recursos fronte a actos tributarios firmes en vía administrativa.</li> </ol>
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contribuintes e residencia fiscal.</li> <li>2. Feito imponible e clases de rentas suxeitas. Rentas exentas.</li> <li>3. Suxeito pasivo. Tributación individual e tributación conxunta. Réxime especial para traballadores desplazados.</li> <li>4. Determinación da base imponible e cuantificación do imposto.</li> </ol>
Imposto sobre Sociedades	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contribuintes e residencia fiscal.</li> <li>2. Feito imponible e exencións.</li> <li>3. Réxime xeral de cuantificación do imposto. Regras para a determinación da base imponible e tipo de gravame.</li> <li>4. Deduccións e bonificacións</li> </ol>
Imposto sobre a Renda dos Non Residentes	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contribuintes e rentas suxeitas. Os Convenios para Evitar a Doble Imposición.</li> <li>2. O Establecemento Permanente.</li> <li>3. Rentas obtidas a través de Establecemento Permanente.</li> <li>4. Rentas obtidas sen establecemento permanente</li> </ol>
Impostos directos cedidos ás Comunidades Autónomas.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Imposto sobre o Patrimonio. Feito imponible, suxeito pasivo, base imponible.</li> <li>2. Imposto sobre Sucesións e Doazóns. Feito imponible, suxeito pasivo, base imponible.</li> <li>3. Competencias autonómicas.</li> </ol>
Imposto indirecto cedido ás Comunidades Autónomas: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Transmisións Patrimoniais Onerosas. Suxeción e delimitación respecto do IVE.</li> <li>2. Operacións societarias.</li> <li>3. Actos Xurídicos Documentados.</li> <li>4. Competencias autonómicas.</li> </ol>
Imposición indirecta sobre as actividades empresariais e profesionais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Imposto sobre o Valor Engadido. Concepto de empresario ou profesional e delimitación do suxeito pasivo. Feitos imposables e criterios de sujeción. Regras xerais de cuantificación do imposto. A repercusión e a deducción.</li> <li>2. Impostos Especiais: materia gravada e feitos imposables</li> <li>3. Renta de Aduanas: concepto de importación.</li> </ol>
Impostos das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Réxime xurídico dos impostos propios das Comunidades Autónomas.</li> <li>3. Réxime xurídico dos Impostos Locais.</li> </ol>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	60	74
Resolución de problemas	3	10	13

Estudo de casos	2	7.5	9.5
Resolución de problemas de forma autónoma	2	9	11
Foros de discusión	2	4	6
Aprendizaxe-servizo	2	7.5	9.5
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da/do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral
Estudo de casos	Método a través do cal o alumnado aprende a aplicar os textos xurídicos adecuados para resolver determinados problemas prácticos. O alumnado deberá elixir as normas correctas e interpretarlas adecuadamente, para cada situación creta. Con isto conséguense despertar o interese sobre a materia amosando a súa importancia práctica, ademais de desenvolver a comprensión dos textos xurídicos.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado sitúase no centro da aprendizaxe, sendo capaz de resolver de forma autónoma certos problemas ou retos. O profesorado apoia ao alumnado no camiño á solución, a modo de guía ou supervisor.
Foros de discusión	Espazos para discusións académicas que contribúen ao desenvolvemento do pensamento crítico estratéxico a partir do diálogo. A/o docente facilita, aconsella e guía ao alumnado para que saiba relacionar as fontes de información apropiadas
Aprendizaxe-servizo	Mediante esta metodoloxía, de forma opcional para o alumnado, pode combinarse a aprendizaxe coa prestación dun servizo á sociedade

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Foros de discusión	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Proba parcial de respostas curtas realizadas polo alumnado de avaliación continua, que consta de dúas partes: unha práctica (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia)	40	A2 A3 A4	B1 B5	C5 C8	D2

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba parcial que consta de dúas partes: unha práctica (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia)	40	A2 A3 A4	B1 B5	C5 C8	D2
Observación sistemática	O profesorado, a través das diferentes actividades que propoña ao alumnado que se someta a avaliación continua (casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, ApS, tarefa colaborativa na aula, etc.), valorará a participación activa e calidade das intervencións deste tanto nas clases maxistras como, sobre todo, nas clases prácticas. A participación activa e de calidade do alumnado que se somete a avaliación continua representará o 20% da súa cualificación final. Tamén se terá en conta a participación dos estudantes nas actividades organizadas pola área de Dereito Financeiro e Tributario.	20	A2 A3 A4	B1 B5	C5 C8	D2

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, a comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

#### **Primeira oportunidade de exame:**

1.- Segundo se establece no Regulamento de Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobadado polo Claustro da Universidade de Vigo o 18 de abril de 2023), o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de non acollerse ao sistema de avaliación continua conforme ao procedemento e na data establecidos polos órganos competentes do Centro.

2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado conforme aos seguintes criterios: 1º) Primeira proba parcial, que se realizará a metade do cuadrimestre (40%), 2º) Segunda proba parcial, que se realizará ao final do cuadrimestre (40%), 3º) Asistencia regular, participación activa na clase e actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario (20%). Aos efectos de poder realizar esta última avaliación controlarase a asistencia a clase. As dúas probas parciais escritas son obrigatorias, constarán dunha parte práctica e outra teórica, realizadas ambas en período lectivo. A parte práctica de cada unha das dúas probas suporá un 20%, mentres que a parte teórica de cada unha das dúas probas suporá un 80% da cualificación. Cada unha destas dúas probas parciais é liberatoria sempre que o/a alumno/a acade unha cualificación mínima de 5 sobre 10, de maneira que tendo superadas ambas probas non estará obrigado/a a realizar o exame ou proba final, como requisito para superar a materia.

3.- Os/as alumnos/as de avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 60% da cualificación obtida no exame teórico e o 40% da cualificación obtida no exame práctico, sendo ambos diferentes aos que realicen os alumnos/as de avaliación continua, no que se avaliarán todas as competencias.

4.- A proba final de avaliación realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2023/2024.

A nota do exame final será a suma das notas obtidas segundo os criterios e porcentaxes anteriormente establecidos.

- Alumnado que siga o sistema de avaliación continua: o/a alumno/a terá que realizar, de forma obrigatoria, un exame final correspondente á materia que non teña superada nunha ou en ambas probas de avaliación continua realizadas ao longo do cuadrimestre. O exame final terá dúas partes: unha teórica (que representará o 80% da cualificación) e unha proba práctica (que representará o 20% da cualificación) Para superar a materia é necesario que o alumnado obteña, como mínimo, unha cualificación de 4 sobre 10 nese exame.

Asimesmo, a este exame final poderá concurrir o alumnado que teña superadas as dúas probas de avaliación continua realizadas durante o cuadrimestre no caso de que desexe subir nota.

- Alumnado con avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 60% da cualificación obtida no exame teórico e o 40% da cualificación obtida no exame práctico, sendo ambos diferentes ao que realicen os/as alumnos/as de avaliación continua.

### **Segunda oportunidade de exame:**

1.- No exame de xuño/xullo, o alumnado que se acolleu ao sistema de avaliación continua só realizará unha proba final, que representará o 80% da súa cualificación final, e que constará de dúas partes: unha práctica (na que se resolverán un ou varios casos prácticos e que suporá o 20% da calificación correspondente á proba final) e unha teórica (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia, e que suporá o 80% da calificación correspondente á proba final). En todo caso, o/a alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas por asistencia regular participación activa na clase e actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario (20%). De non acadar esta nota mínima, a cualificación que se reflexará na acta será a obtida no exame final.

2.- O alumnado que se sometiera ao sistema de avaliación continua conservará, exclusivamente para a segunda oportunidade de exame, a nota que obtivo por asistencia regular e participación activa.

3.- Para os alumnos/as de avaliación global, a súa cualificación final estará integrada polo 60% da calificación obtida no exame teórico e o 40% da calificación obtida no exame práctico escrito, sendo ambos diferentes ao que realice o alumnado de avaliación continua.

4.- A proba final de avaliación, tanto para o alumnado de avaliación continua como de avaliación global, realizarase na data, hora e lugar especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2023/2024.

### **ADVERTENCIA ESPECÍFICA PARA OS/AS ALUMNOS/AS QUE CONCURRAN Á CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA**

No exame de Fin de Carreira a nota final estará integrada polo 60% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico.

O exame de Fin de Carreira realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

PÉREZ ROYO, F. (DIRECTOR), GARCÍA BERRO, F., PERÉZ ROYO, I., ESCRIBANO, F., CUBERO TRUYO, A., **Curso de Derecho Tributario. Parte Especial**, 2022

---

MERINO JARA, I; LUCAS DURÁN, M.; CALVO VERGEZ, J.; FERNÁNDEZ AMOR, J.A.; GARCÍA CALVENTE, Y.; GARCÍA, **Derecho Tributario. Parte especial. Lecciones adaptadas al EEES**, 2022

---

MARTIN QUERALT, J, CASADO OLLERO, G, TEJERIZO LÓPEZ, LOZANO SERRANO, C, **Curso de Derecho financiero y tributario**, 2022

---

PÉREZ ROYO, F, **Curso de Derecho Tributario**, 2022

---

MERINO JARA, I, **Procedimientos tributarios**, 2022

---

RODRIGUEZ RODRIGUEZ, L, **Manual de procedimientos de gestión y recaudación**, El Consultor, 2022

---

HERRERA MOLINA, P, **Manual de Procedimientos tributarios**, Dykinson, 2021

---

**Bibliografía Complementaria**

---

---

### **Recomendaciones**

#### **Materias que continúan o temario**

---

Administración tributaria electrónica/P07G095V01407

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Economía do sector público</b>				
Materia	Economía do sector público			
Código	P07G095V01210			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública (Virtual)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Chamorro Rivas, José María Andrés Mosquera, Andrés de			
Profesorado	Andrés Mosquera, Andrés de Chamorro Rivas, José María			
Correo-e	andres.andres.mosquera@uvigo.es chamorro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Economía do sector público é unha materia de 6 créditos, obrigatoria de 2º curso, na que se abordan os aspectos económicos, os fundamentos e as consecuencias da intervención das administracións públicas na economía dun país.			
	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés			

<b>Resultados de Formación e Aprendizaxe</b>	
Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B5	Razoar criticamente
C10	Valorar o entorno económico e a dimensión económica do sector público
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira
D3	Sensibilizarse con temas medioambientais
D4	Dominar as TIC relacionadas coa titulación no ámbito académico e profesional
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma

<b>Resultados previstos na materia</b>	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Ao terminar a materia, o/a estudante será capaz de: 1. Identificar as principais cuestións das que se ocupa a economía do sector público. 2. Recoñecer que actividades realiza o sector público e como están organizadas. 3. Identificar e prever todas as consecuencias das actividades públicas. 4. Describir os principais motivos de discrepancia entre os economistas sobre as medidas que deben adoptar os Gobernos. 5. Analizar os diferentes puntos de vista sobre o papel económico do Estado. 6. Avaliar as distintas medidas posibles para conseguir os obxectivos da política governamental. 7. Sensibilizarse cos bens públicos co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa. 8. Comprometerse con temas de benestar social.

A1 B1 C10 D1  
A2 B2 D2  
A3 B3 D3  
A4 B4 D4  
A5 B5 D5

## Contidos

Tema	
Tema 1. Institucións, mercados e estado. O papel da intervención pública.	<p>a) Introducción á Economía Pública  b) Problemas de eficiencia e equidade no funcionamento dos mercados  c) O porqué da intervención pública: "fallos de mercado" e "fallos do Estado".</p> <p>Revisamos os fundamentos da intervención pública nun sistema de economía de mercado cando este falla, para mellorar a eficiencia, a equidade na distribución da renda, e a estabilidade económica.</p>
Tema 2. Organización e dimensión do Sector Público en España.	<p>a) Introducción ao sector público español  b) Delimitación do sector público, e marco xurídico  c) O peso do sector público na economía</p> <p>Está dedicado a revisar a estrutura do sector público español e a súa dimensión</p>
Tema 3. Análise do gasto público	<p>a) Evolución do gasto público e teorías explicativas  b) Efectos do gasto público sobre a eficiencia e a distribución  c) Principais programas de gasto</p> <p>Estudamos os programas máis importantes do gasto público nos orzamentos xerais do estado (LPGE): os sanitarios, a educación, a seguridade social etc.</p>
Tema 4. Análise dos ingresos públicos	<p>a) Tendencias internacionais  b) Os ingresos do sector público español  c) Principais figuras tributarias e impositivas  d) A facenda Pública federal</p> <p>Revisamos a contía e composición dos ingresos públicos: as tendencias internacionais, as figuras tributarias e a facenda pública federal.</p>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	20	40
Estudo de casos	15	15	30
Resolución de problemas de forma autónoma	5	30	35
Foros de discusión	5	25	30
Instrucción programada	3	8	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	2	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividade docente na que a iniciativa parte do profesor na que se describe e explica o contido do programa
Estudo de casos	Actividade docente na que se profunda no contido do programa mediante situacións reais ou estilizadas que exemplifican o asunto e mostran contorna e consecuencias
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade formativa na que o alumno se enfrenta a exercicios, modelos, exemplos, supostos, lecturas etc. nas que ha de resolver de forma autónoma o problema proposto utilizando a bibliografía achegada polo profesor
Foros de discusión	Propostas, achegas, críticas, discusións entre alumnos e profesor nas que se debaten temas de forma presencial ou telemática.

Instrucción programada Metodoloxía ou técnica de aprendizaxe na que o obxectivo é «dirixir a aprendizaxe humana baixo condicións controladas» mediante tres elementos: (1) entrega a información en pequenas píulas, (2) ao ritmo propio do estudante e (3) proporciona retroalimentación inmediata, tanto positiva como negativa.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	As actividades formativas na que se propón a atención personalizada serán, entre outros, o estudo de casos. Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contidos, traballos ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou cuestións relacionadas coa disciplina, proporcionando orientación, apoio e motivación. no proceso de aprendizaxe. Esta actividade realizarase a distancia (a través do correo electrónico ou do campus virtual)
Resolución de problemas de forma autónoma	As actividades formativas nas que se propón a atención personalizada serán, entre outros, a resolución de problemas de forma autónoma. Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contidos, traballos ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou cuestións relacionadas coa disciplina, proporcionando orientación, apoio e motivación. no proceso de aprendizaxe. Esta actividade realizarase a distancia (a través do correo electrónico ou do campus virtual)
Foros de discusión	As actividades formativas nas que se propón a atención personalizada son, entre outras, os foros de discusión. Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contidos, traballos ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou cuestións relacionadas coa disciplina, proporcionando orientación, apoio e motivación. no proceso de aprendizaxe. Esta actividade realizarase a distancia (a través do correo electrónico ou do campus virtual)
Instrucción programada	As actividades formativas nas que se propón a atención personalizada son, entre outras, a instrucción programada a través de materiais docentes (que inclúe o resto do material docente facilitado ao alumnado que implique lectura de documentación científico técnica especializada e que non se poida reconducir á metodoloxía lección maxistral). Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contidos, traballos ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou cuestións relacionadas coa disciplina, proporcionando orientación, apoio e motivación. no proceso de aprendizaxe. Esta actividade realizarase a distancia (a través do correo electrónico ou do campus virtual)

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Exame de preguntas obxectivas Estudo de casos Exame de preguntas de desenvolvemento	0				
Estudo de casos	Exame de preguntas obxectivas Estudo de casos Exame de preguntas de desenvolvemento	20	A1	B1	C10	D1
			A2	B2		D2
			A3	B3		D3
			A4	B4		D4
			A5	B5		D5
Resolución de problemas de forma autónoma	Exame de preguntas obxectivas Estudo de casos Exame de preguntas de desenvolvemento	20	A1	B1	C10	D1
			A2	B2		D2
			A3	B3		D3
			A4	B4		D4
			A5	B5		D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame de contido parcial no que o alumno debe responder e desenvolver preguntas descritivas ou obxectivas, así como preguntas avaliativas e de opinión.	30	A1	B1	C10	D1
			A2	B2		D2
			A3	B3		D3
			A4	B4		D4
			A5	B5		D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame de contido parcial no que o alumno debe responder e desenvolver preguntas descritivas ou obxectivas, así como preguntas avaliativas e de opinión.	30	A1	B1	C10	D1
			A2	B2		D2
			A3	B3		D3
			A4	B4		D4
			A5	B5		D5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

□ A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta

□Avaliación□ de cada tema.

□ O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma. O exame de Segunda Oportunidade podería consistir nunha proba que puntúa o 100 % da nota.

□ Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada\* do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

(\*) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos

mesmos.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Albi, E; González Páramo, JM; Zubiri, I, **Economía pública I, II**, VVEE, Ariel, 2007

Stiglitz, J; Rosengard, JK, **La economía del sector público**, 4ª, Antoni Bosch, 2016

Stiglitz, J; Walsh, I., **Microeconomía**, Ariel, 2009

VVAA, **The economy**, <https://www.core-econ.org/>, 2021

Mochón, F, **Economía: teoría y política**, 6ª, S.A. MCGRAW-HILL / INTERAMERICANA DE ESPAÑA, 2009

#### **Bibliografía Complementaria**

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Economía: Economía pública/P07G095V01103

#### **Outros comentarios**

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispor dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o tratamento é necesario para o exercicio do poder públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Métodos cualitativos de investigación social**

Materia	Métodos cualitativos de investigación social			
Código	P07G095V01301			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública (Virtual)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Torres Outón, Sara María			
Profesorado	Lage Picos, Jesús Adolfo Pérez Freire, Silvia Torres Outón, Sara María			
Correo-e	saratorres@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación ao proceso de investigación. Elaboración do apartado de metodoloxía conforme criterios científicos. Farase especial fincapé nas posibilidades da metodoloxía cualitativa, tanto na súa aplicación como análise.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B5	Razoar criticamente
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
B10	Deseñar e xestionar proxectos
C13	Aplicar os métodos e as técnicas de investigación e política social e operar con métodos de investigación cuantitativos e cualitativos
C14	Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aplicables á xestión pública
C15	Identificar as consecuencias que a toma de decisións e os actos dos servidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade. Particularmente, na solución de problemas éticos e morais, dentro da área da xestión e administración pública.
C16	Desenvolver habilidades para a resolución de problemas institucionais complexos
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D4	Dominar as TIC relacionadas coa titulación no ámbito académico e profesional
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

1. Propoñer a metodoloxía mais adecuada (cualitativa, cuantitativa ou mixta) segundo a natureza e obxecto da investigación.	A1	B1	C13	D1
	A2	B5	C14	D2
	A3	B6	C15	D4
	A4	B10	C16	D5
	A5			
3. Analizar e interpretar correctamente a información recollida mediante técnicas cualitativas	A1	B1	C13	D1
	A2	B3	C14	D2
	A3	B5	C15	D4
	A4	B6	C16	D5
	A5			D6
4. Valorar a adecuación e validez dunha investigación deseñada por terceiros e os seus resultados.	A1	B1	C13	D1
	A2	B3	C14	D2
	A3	B5	C15	D4
	A4	B6	C16	D5
	A5	B10		D6
5. Redactar e defender a proposta metodolóxica dun traballo de investigación que inclúa metodoloxía cualitativa	A1	B1	C13	D2
	A2	B5	C14	D4
	A3	B6	C15	D5
	A4	B10	C16	
	A5			

## Contidos

Tema	
1. Pluralidade metodolóxica e niveis de investigación.	Ontoloxía, epistemoloxía e metodoloxía da Ciencia. A pluralidade metodolóxica.
2. O proceso de investigación: deseños metodolóxicos e proxectos de investigación.	A formulación e a operacionalización do problema. Deseños e estratexias
3. As prácticas cualitativas de investigación: emprego, análise, e reflexión, sobre a produción de información para a toma de decisións.	Ferramentas de investigación cualitativa (a observación, selección documental, entrevista, técnicas grupais). Aplicación, análise e presentación de resultados.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	13	28	41
Cartafol/dossier	0	15	15
Estudo de casos	0	38	38
Traballo tutelado	0	25	25
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	0	0
Exame de preguntas obxectivas	2	28	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación por parte do profesorado do desenvolvemento e avaliación da materia. Aclaración de dúbidas.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos teóricos da materia obxecto de estudo.
Cartafol/dossier	Realizaranse preguntas individuais que formarán parte do cartafol do alumnado no que irá recollendo evidencias do traballo realizado e valoración das competencias alcanzadas.
Estudo de casos	Selección dun caso acorde ás preferencias individuais de cada estudante. Desenvolvemento metodolóxico dunha proposta de estudo.
Traballo tutelado	O estudantado realizará unha análise individual de materiais de recollida de traballo de campo. En grupo elaborarán un documento no que amose a súa capacidade analítica e de presentación de resultados.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Esta actividade voluntaria substitúe ao traballo tutelado. En lugar de analizar materiais de recollida de campo proporcionados por unha institución, a información será recollida polo propio alumnado a título individual. Realizarase un informe grupal.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	O estudiantado recibirá indicacións nas clases e na plataforma MOOVI sobre a materia obxecto de estudo, así como recomendacións sobre documentación de interese (lectura e/ou audiovisuais) que responda á material complementario ofrecido polo profesorado ou en resposta ás demandas formuladas, individual ou colectivamente, polo estudiantado) HORARIO E PROCEDEMENTO DE TITORÍAS PUBLICADO EN MOOVI (aplicable a todas as metodoloxías/probas)
Estudo de casos	O estudiantado conta con atención persoal para a resolución de dúbidas de maneira personalizada. Retroalimentación persoal na avaliación das probas
Traballo tutelado	O estudiantado, ademais das indicacións específicas sobre o desenvolvemento da proba, dispoñerá de atención personalizada tanto para resolver dúbidas como para guiar o seu traballo. Retroalimentación persoal na avaliación das probas.
Cartafol/dossier	O estudiantado deberá realizar as probas realizadas na aula e deixar evidencia das mesmas que formarán parte do seu cartafol individual.

<b>Avaliación</b>						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Puntuación extra en recoñecemento e recompensa pola boa disposición a participar activamente na aula. Terase en conta para redondeo de nota e matrícula de honra	0	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B10	C13	D1 D2
Cartafol/dossier	Probas individuais elaboradas na aula.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B6	C13 C14 C15 C16	D1 D2 D4 D5 D6
Estudo de casos	Idoneidade e viabilidade do caso (proposta de traballo de investigación): coherencia, calidade e redacción.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B6 B10	C13 C14 C15 C16	D1 D2 D4 D5 D6
Traballo tutelado	Cumprimento das condicións de traballo. Corrección no procedemento e coordinación entre grupo. Valoración do informe final: informe	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B6 B10	C13 C14 C15 C16	D1 D2 D4 D5 D6
Exame de preguntas obxectivas	Preguntas tipo test de elección múltiples e preguntas curtas sobre contidos teóricos e de aplicación do coñecemento.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B6 B10	C13 C14 C15 C16	D1 D2 D4 D5 D6

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **AVALIACIÓN CONTINUA E GLOBAL**

A priori enténdese que todo o estudiantado segue a avaliación continua cuxo compromiso adquirese coa participación nas actividades de avaliación. Aquela persoa que desexe presentarse a unha única proba na data oficial (avaliación GLOBAL) ten que comunicalo conforme indica a normativa durante o primeiro mes dende que comeza o curso. A avaliación GLOBAL constará dunha proba final xeral coa que é posible medir todas as competencias, por iso a proba será diferente a do alumnado de avaliación continua.

A cualificación final do alumnado de avaliación continua será a media das cualificacións acadadas nas actividades realizadas nos Grupos Reducidos (60% da nota final) e no exame final. Para calcular a nota media é obrigatorio acadar unha puntuación mínima de 4 puntos nas actividades dos Grupos Reducidos e no exame. Se nalgunha destas partes non se chega aos 4 puntos a nota que constará na avaliación será suspenso coa nota numérica que corresponda una vez obtida a media entre ambas partes, agás no caso de ser superior a 5 na que se outorgará unha puntuación de 4,9

A persoa non se presente ao exame constará como Non Presentado, aínda que entregara actividades de avaliación continua.

Respecto ás actividades realizadas nos Grupos Reducidos a ponderación repártese do seguinte modo:

- Dossier (10%) primeira actividade
- Estudio de caso (30%): consta dunha primeira ficha de traballo de investigación (actividade 2: 10%), a revisión e

cualificación xustificada de propostas doutros compañeiros (actividade 3: 5%) e a autocorrección da propia ficha (actividade 4: 15%) que se entregou como actividade 2 tendo en consideración as indicacións recibidas e o aprendido a través do exercicio de ler e correxir fichas de investigación (actividade 3).

- Traballo tutelado (20%): consiste na elaboración dun informe no que será posible avaliar unha parte de análise individual ponderado en 10% (incluído no anexos) e outra grupal ponderado noutro 10%.

A asistencia ás clases, así como a actitude, boa disposición e participación nas mesmas terase en conta positivamente para a calificación e matrícula de honra.

### **APRENDIZAXE BASEADO EN PROXECTOS**

De forma voluntaria o alumnado pode substituír a metodoloxía/proba "traballo tutelado" por "aprendizaxe baseado en proxectos". En lugar de analizar materiais proporcionados por unha entidade externa, serán creadores do material ao realizar traballo de campo. Esta metodoloxía suporá o 20% da nota final.

### **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

Durante o mesmo curso académico, manteranse as notas das probas superadas na primeira convocatoria (ordinaria) para a segunda convocatoria (extraordinaria). Poden facerse entregas de probas non realizadas ou suspensas, agás aquelas que se realizasen na aula, e non sexa posible a recuperación da puntuación relativa á participación e asistencia.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

Callejo Gallego, Javier (coord.), Val Cid, Consuelo; Gutiérrez Bito, Jesús; Viedma Rojas, Antonio, **Introducción a las técnicas de investigación social**, 978-84-8004-932-0, 1º, Editorial universidad Ramón Areces, 2010

Callejo Callejo, Javier y Viedma Rojas, Antonio, **Proyectos y estrategias de Investigación Social: la perspectiva de la intervención**, 978-84-481-4613-9, 1º, McGraw-Hill, 2010

##### **Bibliografía Complementaria**

Hernández-Sampieri, Roberto e Mendoza Torres, Christina Paulina, **Metodología de la investigación. Las rutas cuantitativa, cualitativa y mixta**, 978-1-4562-6096-5, 1º, McGrawHill education, 2018

Ispizua, Marian y Lavia, Cristina, **La investigación como proceso. Planificación y desarrollo**, 978-84-16277-73-5, 1º, Dextra, 2016

Taylor, S.J. y Bogdan, R., **Introducción a los métodos cualitativos de investigación**, 978-84-7509-816-6, Paidós Básica, 2009

Bautista, Nelly Patricia, **Proceso de la investigación cualitativa. Epistemología, metodología y aplicaciones**, 978-958-9446-40-9, 1º, Manual Moderno, 2011

---

#### **Recomendacións**

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Dereito orzamentario**

Materia	Dereito orzamentario			
Código	P07G095V01302			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública (Virtual)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Barreiro Carril, María Cruz			
Profesorado	Barreiro Carril, María Cruz Constenla Vega, Javier Mosquera Pena, Juan Antonio			
Correo-e	mcruzbarreiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A asignatura Dereito Orzamentario pertence á área do Dereito Financeiro e Tributario, e é unha continuación das asignaturas Dereito Financeiro e Tributario I e Dereito Financeiro e tributario II. Se estas últimas materias se encargaban da parte do ingreso, o Dereito orzamentario poñerá o acento na parte do gasto público. Preténdese ofrecer ao alumnado unha visión, o máis completa posible, da disciplina xurídica dos procedementos a través dos cales se desenvolve a actividade financeira pública. É dicir, trátase de abordar, dende unha perspectiva xurídica, o estudo da normativa reguladora da actividade consistente na realización do gasto público, e en especial todo o referido ao orzamento, dende a súa aprobación ata a súa execución, modificación e control.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C8	Identificar, interpretar, planificar e xestionar os recursos económico-financeiros das Administracións Públicas
C9	Identificar e aplicar o marco normativo da actividade que realizan as Administracións Públicas
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Ao terminar a materia, o/a estudante será quen de:	A1	B1	C5	D1
1. Identificar os conceptos básicos do Dereito orzamentario.	A2	B4	C8	D2
2. Recoñecer as relacións financeiras nos distintos niveis de goberno, profundizando no estudo dos recursos propios, compartidos e fondos participativos.	A3	B6	C9	D5
3. Interpretar e aplicar as normas orzamentarias dos distintos entes territoriais.	A4			D6
4. Distinguir o concepto e sentido xurídico dos distintos principios orzamentarios regulados no ordenamento español.	A5			
5. Identificar o concepto, natureza, contido, estrutura e efectos do orzamento dende unha perspectiva xurídica.				
6. Recoñecer as distintas fases do ciclo orzamentario e as súas particularidades a nivel estatal, autonómico e local.				
7. Executar un orzamento e aplicar as modificacións orzamentarias cando corresponda				
8. Evaluar as necesidades de coordinación orzamentaria que presenta un marco de integración supranacional para Estados altamente descentralizados como España				

## Contidos

Tema	
PRIMEIRA PARTE: TEORÍA XURÍDICA DO GASTO PÚBLICO: O ORZAMENTO.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O Dereito orzamentario e o Dereito do gasto público.</li> <li>2. As fontes do ordenamento orzamentario.</li> <li>3. Técnicas de orzamentación.</li> <li>4. O orzamento do Estado: concepto, natureza e estrutura.</li> <li>5. Efectos do orzamento respecto dos ingresos e dos gastos. públicos.</li> <li>6. O réxime xurídico dos dereitos de natureza pública.</li> <li>7. O orzamento e as obrigas pecuniarias: fontes das obrigas e fonte do gasto. Esixibilidade das obrigas e prescripción.</li> <li>8. Os principios orzamentarios.</li> </ol>
SEGUNDA PARTE: O CICLO ORZAMENTARIO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Elaboración, aprobación, prórroga e modificación do orzamento.</li> <li>2. Execución do orzamento.</li> </ol>
TERCEIRA PARTE: CONTROL DA ACTIVIDADE FINANCEIRA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Control administrativo ou interno. A Intervención Xeral da Administración do Estado.</li> <li>2. Control externo: o Tribunal de Contas.</li> <li>3. Control parlamentario.</li> <li>4. Ilícitos e responsabilidades en materia orzamentaria e de gasto público</li> </ol>
CUARTA PARTE: OS ORZAMENTOS DAS FACENDAS TERRITORIAIS E INSTITUCIONAIS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os orzamentos das Comunidades Autónomas.</li> <li>2. Os orzamentos das Facendas Locais.</li> <li>3. O réxime orzamentario da Administración institucional.</li> </ol>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	17	31
Instrucción programada	17	30	47
Resolución de problemas	4	10	14
Resolución de problemas de forma autónoma	4	18	22
Foros de discusión	2	4	6
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Observación sistemática	2	2	4

